



## PRESENTACIÓN



## I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas e obxectivos de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2015.

Na súa primeira parte analízase as principais características da nova política de cohesión da Unión Europea e a súa relación co Marco Financeiro Plurianual da UE-28 para o período 2014-2020 e coa Estratexia Europa 2020.

Recóllese así mesmo a inserción da política rexional comunitaria nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2015, mediante as asignacións correspondentes ao FEDER e ao FSE dos períodos de programación 2007-2013 e 2014-2020, así como as relacionadas co Obxectivo de Cooperación Territorial Europea 2007-2013. Incorpórase tamén no orzamento de 2015 a anualidade correspondente do PO Emprego Xuvenil 2014-2020. Coa mesma finalidade intégrase nos orzamentos de 2015 a asignación das políticas sectoriais do medio rural e da pesca do período 2007-2013, a través do FEADER e do FEP respectivamente.

Nunha segunda parte analízanse as prioridades de gasto estratéxico poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre os programas e as medidas e actuacións do Plan Estratéxico de Galicia fixadas pola acción do goberno.

E finalmente inclúense as fichas de cada un dos programas de gasto que integran a clasificación funcional dos orzamentos.

